

RESOLUCIÓN DO 17 DE XUÑO DE 2024 AUTORIZANDO ACTIVIDADES SUSCEPTIBLES DE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS.

Visto o acordo do 13 de xuño de 2024 da Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, establecida no Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación (aprobado en Consello de Goberno 10/10/2016), e en virtude das competencias atribuídas polas normas legais, esta reitoría RESOLVE:

Autorizar o recoñecemento de créditos ECTS, naquelas titulacións que así o establezan nos seus planos de estudo, pola asistencia as actividades académicas que se relacionan no Anexo.

De acordo co artigo 4.1 do Regulamento citado, o recoñecemento académico de créditos optativos por as actividades recollidas no artigo 1, será dun máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor
Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade.

(asinada dixitalmente)

Natalia Caparrini Marín



ANEXO

Titulo do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Código Sigma	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	Datas de celebración	Data de autorización	Horas	Créditos recoñecidos
Jean Monnet: "Os recursos das Administracións tributarias da Unión Europea na loita contra a fraude fiscal"	720090	Departamento de Dereito Público Especial	Soraya Rodríguez Losada	Do 14/06/2024 ao 20/06/2024	13/06/2024	20	0.7
Como afrontar o teu TFG	720091	Biblioteca Universitaria	Ana Belén Martínez Piñeiro	Do 01/09/2024 ao 30/06/2025	13/06/2024	30	1
In-Fórmate coa Biblio!	720092	Biblioteca Universitaria	Ana Belén Martínez Piñeiro	Do 01/09/2024 ao 31/05/2025	13/06/2024	15	0.5

